

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/06/2018 14:07:51

SAIDA

8828/18

Sr. alcalde-presidente do Concello de Ribeira
Praza do Concello, s/n
15960 Ribeira (A Coruña)

Expediente: P.3.Q/2402/18

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Sr. alcalde:

Como sabe, ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don Luís Antonio Pérez Barral, concelleiro do BNG nesa corporación municipal.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicaba que seguíase a vulnerar polo Concello de Ribeira a lexislación vixente en materia de toponimia, lembrando que as institucións públicas deben aterse ao establecido no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG., 25/03/2003) onde se recolle que o nome do municipio é "Ribeira". A queixa concretaba o seguinte:

En base ao anterior non parece adecuado nin lóxico e moi menos legal, que unha institución pública vulnere, conscientemente, a lei para deturpar a forma oficial e correcta de denominar este municipio. O goberno local ademais de fomentar o uso deturpado de "Riveira" a todo o persoal municipal, empresas que rotulan cartalaría e sinais viarios e outros moitos casos, acaba de instalar dous letreiros co nome de "Riveira" en dúas rotondas da vila. A instalación destes letreiros correu a canta das arcas municipais, xa que logo, gastaron cartas públicos con total desprezo pala lexislación vixente ao teimar na deturpación poñendo "Riveira" aínda sabendo que é contrario ao que legalmente está estipulado. É destacábel que a única administración pública que incumpre esta norma sexa o propio concello e por riba de maneira consciente e con total desprezo.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe desa administración local, cómpre facer as seguintes consideracións:

Esta institución considera que, por parte Goberno local do Concello de Ribeira, non se está dando cumprimento ao establecido no marco legal que a continuación se relaciona:

–O artigo 10 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística: "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial o galego. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente. Estas denominacións, son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elles. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subsciba o estado".

–O Decreto 43/1984, de 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a Comisión de Toponimia, modificado polo Decreto 174/1998, do 5 de xuño.

–O Decreto 132/1984, de 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia galega, prescribe no seu artigo 1º que a potestade de fixar a toponimia galega corresponde á Xunta de Galicia de conformidade co disposto na Lei 3/1983. Continúa o Decreto indicando no artigo 2, que corresponde ao Consello da Xunta de Galicia a determinación, por medio de Decreto, dos nomes oficiais dos municipios e das súas capitais, das parroquias e das comarcas. Establécese que será preceptivo o ditame da Comisión de Toponimia regulada polo Decreto 43/1984, de 23 de marzo. No artigo 3º indícase que os expedientes de recuperación ou fixación de topónimos se iniciarán por decisión do conselleiro da Presidencia a iniciativa propia ou da entidade local interesada, e no mesmo acto da iniciación, recabarase o informe da Comisión de Toponimia.

Como excepción, regúlase no artigo 6 apartado 2, que no caso de que o Consello da Xunta de Galicia ou a Consellería da Presidencia, non estean conformes co ditame da Comisión de Toponimia, acordarase novo estudio do expediente, no que neste caso haberá de ser oída a corporación local interesada.

–O Decreto 189/2003, de 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña, que no seu artigo único indica que queda aprobado o nomenclátor correspondente as entidades de poboación da provincia da Coruña, e no mesmo indícase que o concello é Ribeira e a vila é Santa Uxía de Ribeira, tamén con b.

Noutros expedientes con este mesmo obxecto, alegouse por parte da administración local que non se deu audiencia á citada administración como representante da vila de Ribeira, o que de conformidade co disposto no Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de

Galicia, non é preceptivo. Tamén se indica nunha Acta do Concello de data 17 de febreiro de 1984, que a Consellería da Presidencia aprobou o nome dos concellos sen realizar ningún estudo e sen fundamentación sólida que motivara o cambio, o cal tamén carece de sentido, posto que a Comisión de Toponimia era un órgano asesor da Consellería de Presidencia, encargado de establecer a forma lexítima de cada topónimo. Cada un dos topónimos foi sometido á análise lingüística para determinar a súa correcta grafía e forma, e para iso utilizouse un exhaustivo estudio do topónimo establecendo criterios de revisión lingüística.

O Acordo tomado polo Concello de Ribeira de 17 de febreiro de 1984, incumpe o preceptuado na Lei de normalización lingüística, que como xa se indicou, prescribe que corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación e dos topónimos de Galicia, e que estas denominacións son as legais para todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas.

Sen prexuízo de todo o anterior, cómpre salientar que ese concello poderá promover as iniciativas que teña por conveniente para instar do Parlamento de Galicia a reforma lexislativa correspondente que poida amparar o cambio do topónimo no sentido que lle interesa, o ben iniciar o procedemento regulado no artigo 3º do Decreto 132/1984, de 6 de setembro ante a Consellería de Presidencia, á que lle corresponde a súa iniciación a solicitude da entidade local interesada.

—En consecuencia, non se atopa unha base normativa para xustificar o encargo, por parte do Goberno local de Ribeira, dun estudo particular, sen especificar sequera a quen se lle encomendaría, cuxo resultado fose acatado de xeito irrevogable. A primeira obriga do Concello é acatar a lexislación vixente, que establece unha grafía específica sobre a base dun estudo científico e dun criterio técnico.

As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* foron oficializadas pola Xunta de Galicia no Decreto 173/1982, de 17 de novembro, converténdose na primeira codificación normativa da nosa lingua que contou con soporte académico, científico e legal. Como indica o seu prefacio, o devandito decreto autorizaba o Instituto da Lingua Galega para a elaboración dun Vocabulario ortográfico con carácter de inventario das palabras más usuais e prontuario ortográfico.

Asemade, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística aprobada polo Parlamento de Galicia estipula que “nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega”. E engade: “Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego”. En efecto, os estudos requiridos para a elaboración do Vocabulario ortográfico da lingua galega (1989) puxeron de manifesto a necesidade

de axustar algunhas solucións recollidas nas Normas aos propios principios establecidos nelas, o que aconsellou a súa revisión puntual. Esta revisión foi aprobada pola Real Academia Galega en 1995. Finalmente, en 2001, unha comisión promovida pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e integrada polo Instituto da Lingua Galega e os departamentos de filoloxía galega das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo acorda presentar á RAG unha proposta de actualización das Normas de 1982, con algunas solucións que pretendían conseguir unha aceptación máis ampla e un maior consenso arredor da cuestión normativa. Esta proposta foi rexeitada polo plenario da RAG en novembro de 2001. Con todo, o mesmo plenario a finais de 2002 acordou constituir unha comisión, formada por catro académicos, un representante do ILG e un representante de cada un dos departamentos de filoloxía galega das tres universidades, para retomar a proposta do ano 2001 e chegar a un texto asumible por todas as partes. Este novo texto, aprobado polo plenario da RAG o 12 de xullo de 2003, establece, entre outras, a seguinte norma sobre a grafía b/v:

O *b* e o *v* representan un son único. O galego non ten un son labiodental fricativo [v], distinto de [b] e [B], como teñen o francés ou o portugués. Nestas linguas a grafía actual depende da pronuncia: escríbese *b* cando é bilabial (port. *bala*, *saber*, *reber*, *bico*, *besta*, *branco*; fr. *boire*, *bec*, *bête*, *blanc*) e *v* cando é labiodental (port. *vala*, *dever*, *vinho*, *viver*, *povo*, *cavalo*; fr. *voire*, *devoir*, *vin*, *vivre*, *cheval*). No galego moderno, como non hai distinción fonolóxica, téndese á distinción gráfica conforme á etimoloxía (*saber*, *recibir*, *gabián*, *goberno*, *billia*, *marabilla*, *móbil*, *automóbil*, *bolboreta*, *bico*, *besta*, *branco*, *deber*, *pobo*, *cabalo*, *cantabamos*, *bidueiro*, *ribeira...*, pero *viño*, *vivir*, *avó*, *avoia*, *varrer*, *vasoira*, *verza*, *voda*, *vulto*, *covarde*, *esvelto*, *gravar*, *avogado...*). No galego medieval as grafías *b* e *u* (consonántico) non eran arbitrarias; a cada unha delas correspondíalle unha pronuncia e unha etimoloxía diferentes: *b* procede de -P-, B- e -BB- latinos (*saber*, *boca*, *abade*) e *u* de V-, -V-, -B-, -F- e -PH- latinos (*uiño*, *leuar*, *caualo*, *devesa*, *Estevo*). Estas grafías concordan máis ou menos coas que perviven áinda hoxe nalgúns idiomas como o francés e o portugués; pero nestas dúas linguas o *v* é labiodental e por iso practicaron sempre a distinción gráfica entre *b/v*; en galego, como en castelán, en catalán (en xeral), en gascón ou en vasco, parece que nunca houbo labiodental. Posiblemente houbo primeiro unha diferenza entre o fonema /b/, bilabial oclusivo (representado graficamente por *b*), e /B/, bilabial fricativo (representado graficamente por *v*); esta oposición medieval (calquera que fose o trazo pertinente da correlación) posteriormente desfonoloxizouse. Coa perda desta oposición as grafías *b* e *v* representaban un fonema único, que se realiza como [b] ou [B] segundo o contexto, en distribución complementaria: bilabial oclusivo en posición inicial ou tras nasal e fricativo noutras posicións. Por esta circunstancia xa nos textos galegos medievais aparecen grafías erradas (*b* por *v* as más das veces). Desde o século XV aumentan estas confusións; modernamente eliminouse a distinción gráfica medieval por ser irrelevante, restituíndose unha grafía etimolóxica: *b* cando a palabra latina tiña B, BB ou -P- e v cando tiña V, -F- e -PH-.

O Valedor do Pobo ten realizado recomendacións e recordatorios de deberes legais ao Concello de Ribeira para que se axuste á normativa no canto á grafía do topónimo. Nunha queixa tramitada no ano 2016, concluímos a nosa intervención xa que a alcaldía

nos informaba que, coa firme intención de solucionar esa duplicidade en todos os ámbitos, procuraríase desde o concello a intervención do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, como a comisión técnica que se ocupa da revisión e salvagarda da toponimia de toda Galicia. Dábase a circunstancia de que ao longo dese ano 2016, segundo comunicaron desde a RAG, serían os dos lugares de Ribeira que aparecen no Nomenclátor os que ían ser obxecto de revisión.

Desde esta institución considerábbase, tal e como establece a Lei de Normalización Lingüística, que o ditame técnico do Seminario de Onomástica é o que ten que propor a forma e a grafía normalizada. Daquela consideramos que o concello amosaba a súa vontade de cumplir a normativa en materia de toponimia, unha vez que se aclarase a forma oficial revisada polo devandito Seminario.

Nesta data non temos información sobre os traballos do Seminario de Onomástica en torno a revisión da grafía do topónimo, malia que seguemos a manter o mesmo criterio. Ten sido a propia lei galega 3/1983, do 15 de xuño, a que recoñécelle á RAG o criterio de autoridade en materia de normalización lingüística, e, polo tanto, nas normas ortográficas. Esta institución estará ao que ditamine a RAG a través do Seminario de Onomástica, que é o que procede ao abeiro da remisión legal

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que por parte do Concello de Ribeira, e en tanto non se produza –de selo caso– unha modificación normativa ao abeiro do procedemento establecido nos artigos 3 e 6.2 do vixente Decreto 132/1984, de 6 de setembro, se dea exacto cumprimento ao disposto no artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, e no Decreto 189/2003, de 6 de febreiro, no sentido de utilizar nese Concello a forma oficial do topónimo, aprobada legalmente, en todas as súas actuacións.


Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razonable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido e tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluirá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdo atentamente.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo